

CIRCULAR 37/2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

- Aos técnicos con licenza FGA 2015/16

- Aos clubs con licenza FGA 2015/16

Aos membros da Asemblea Xeral

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

PLAN GALEGO DE TECNIFICACIÓN ATLÉTICA 2015/16

Estimado/a Presidente/a:

Estimado/a Adestrador/a:

Continuando co traballo desenvolto nos últimos anos no **Plan Galego de Tecnificación Atlética**, iniciado no ano 2004, preséntolle unha nova edición deste documento, que sufriu pequenas variacións trala súa posta en marcha nas pasadas tempadas.

Tendo en conta a importancia que posúe para o presente e futuro do noso deporte establecer os obxectivos e liñas de actuación, a FGA convida aos estamentos do atletismo galego, en especial aos clubs e adestradores, a participar activamente neste Plan Galego de Tecnificación Atlética.

Para participar no PGTA e poder recibir subvencións da FGA é absolutamente obrigatorio facer a solicitude correspondente.

Desexo agradecer persoalmente a tódolos clubs e adestradores que co seu intensivo traballo participaron na pasada tempada e que puxeron tódolos medios necesarios para ir incrementando o tecido atlético por tódalas comarcas galegas.

Novamente, estes clubs e adestradores participantes, así como outros que o desexen, poden cubrir a solicitude de núcleo e contribuir unha tempada mais na mellora do noso atletismo. As solicitudes poderán presentarse ata o día **5 de maio do 2016**.

Calquer dúbida ou aclaración sobre este documento pode remitir un email ou chamar directamente a Directora Técnica da FGA, M^a Dolores González.

Parabéns para todos/as. Recibe un cordial e afectuoso saúdo.

Isidoro Hornillos Baz
Presidente da FGA

A Coruña, a 18 de Abril de 2016



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



PLAN GALEGO DE TECNIFICACIÓN ATLÉTICA 2015/16



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



INDICE XERAL

1. Introducción
2. Rasgos e características do PGTA 2015/16
 - 2.1. O proceso do PGTA
 - 2.2. O carácter dinámico do PGTA
 - 2.3. O carácter integrador do PGTA
 - 2.4. A descentralización do PGTA
3. A estrutura básica do PGTA
 - 3.1. O Coordinador Xeral
 - 3.2. O Comité Técnico da FGA
 - 3.3. O Coordinador de adestradores de atletismo no CGTD
4. As estruturas funcionais do PGTA 2015/16
 - 4.1. O Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra (CGTD)
 - 4.2. Os Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)
 - 4.3. Os Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atlético (NITA)
 - 4.4. Os Núcleos Sectoriais Atlético (NUSA).
 - 4.5. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlético 2 (NIBA 2)
 - 4.6. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlético 1 (NIBA 1)
5. Obxectivos do PGTA 2015/16
6. Beneficios da inclusión no PGTA
7. Categorías que integran o Plan Galego de Tecnificación Atlético
8. Criterios de selección dos atletas incluídos no PGTA
9. Actividades asociadas ao Plan Galego de Tecnificación Atlético
 - 9.1. Os adestramentos cotiáns
 - 9.2. As concentracións
 - 9.3. O seguimento psicolóxico
 - 9.4. As competicións
 - 9.5. O respaldo á formación dos adestradores
 - 9.6. Actividades a desenvolver polos responsables do Comité Técnico da FGA
10. Baixas do Plan Galego de Tecnificación Atlético
 - 10.1. Respecto aos atletas
 - 10.2. Respecto aos adestradores
 - 10.3. Respecto aos Núcleos
 - 10.4. Criterios de calidade



Federación Galega de Atletismo


Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



1. INTRODUCCIÓN

O presente documento reflexa as bases do **Plan Galego de Tecnificación** correspondente a tempada 2015/16, a desenvolver pola **Federación Galega de Atletismo**. Este programa, que conta cunha parte de patrocinio da **Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia**, xorde da evolución e transformación do **Plan N.I.T.A.** (Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atlética), posto en funcionamento en Galicia a partires do ano 1995 pola FGA e vixente ata o 2004, momento en que se implanta o actual **Plan Galego de Tecnificación Atlética**, no sucesivo **PGTA**.

O **PGTA** ponse en funcionamento pola necesidade de coordinar esforzos para optimizar o proceso de **Selección, Actuación e Seguimento** dos atletas galegos máis destacados ou cun especial talento para a práctica atlética, pertencentes a determinadas categorías de idades. Este programa pretende empregar ca máxima eficacia posible todos aqueles recursos económicos, humanos e de infraestructuras, procedentes da Secretaría Xeral para o Deporte, Concellos, Deputacións, Universidades, empresas privadas e dos diferentes estamentos que conforman a Federación Galega de Atletismo, en especial os clubs e adestradores. Esta coordinación de esforzos e medios planificados redundará nunha mellor atención e seguimento dos atletas, facilitando o seu máximo desenvolvemento deportivo.



2. RASGOS E CARACTERÍSTICAS DO PLAN GALEGO DE TECNIFICACIÓN

2.1. O proceso do Plan Galego de Tecnificación Atlética

1. **Seleccionar** os atletas galegos que acaden uns niveis deportivos destacados no ámbito estatal, tras a aplicación duns criterios establecidos.
2. **Seguimento** da evolución deportiva dos atletas a través dos responsables do Comité Técnico da FGA, analizando as circunstancias que poideran afectar ós obxetivos establecidos.
3. **Desenvolver** as capacidades físicas e técnicas, a través da actuación diaria dos seus adestradores persoais, das actividades desenvoltas nos diferentes núcleos e nas concentracións programadas pola FGA. Pero tamén o PGTA contempla o desenvolvemento de actuacións enmarcadas en programas de promoción provincial ou comarcal con atletas non incluídos no PGTA por non cumprir as condicións esixidas.

2.2. O carácter dinámico do PGTA

O **Plan Galego de Tecnificación** non pretende ser pechado nin estático senon aberto e en continúa evolución, adaptándose ás directrices da **Secretaría Xeral para o Deporte** da Xunta de Galicia e procurando respetala filosofía impulsada a través do **Consejo Superior de Deportes** e da **Real Federación Española de Atletismo** sobre a *Tecnificación Deportiva*, se ben este proxecto adáptase ás características do **Deporte Galego**,



Federación Galega de Atletismo


Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



centrándose exclusivamente en deportistas, clubs e técnicos galegos. O PGTA será revisado e avaliado ao final de cada tempada, correxindo e modificando, se fora preciso, aspectos que poideran optimizar os seus obxectivos.

A intervención dos **clubs** galegos no desenvolvemento do Plan Galego de Tecnificación Atlética será fundamental nos seus obxectivos, formando, xunto aos **atletas** e **adestradores**, a estrutura funcional do mesmo.

Asemade, e co obxecto de aunar esforzos e fortalecer o PGTA, procurárase a colaboración doutras institucións, en especial Deputacións e Concellos, a través do desenvolvemento dos **Plans de Promoción Provincial** ou **Comarcal** do atletismo, en especial naquelas zonas galegas nas que se aprecia unha menor cantidade de pistas e adestradores.



2.3. O carácter integrador do PGTA

O presente e futuro do deporte en xeral e do atletismo en particular precisan da coordinación de esforzos conxuntos en torno a proxectos que susciten intereses de todas as partes. Tendo en conta que o camiño dende a iniciación ata o máximo rendemento precisa dunha grande cantidade de medios (infraestructuras, apoio técnico, médico, psicolóxico, axudas...) o **Plan Galego de Tecnificación Atlética** pretende canalizar as actuacións de todas aquelas administracións públicas galegas que teñen competencias en materia deportiva (Xunta de Galicia; Deputacións Provinciais; Concellos; Universidades...) e integralas, na medida do posible, no presente proxecto para facilitar a consecución dos seus obxectivos. Pero tamén está aberto a implicación ou colaboración do ámbito privado, ben a través dos patrocinadores oficiais da FGA, ou ben mediante a contribución doutras empresas.

Por elo, a **FGA** procurará integrar os esforzos no **PGTA** a través das seguintes aportacións:

- **Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.** Representa o principal patrocinador do PGTA, aportando a parte máis relevante dos medios económicos así como as infraestructuras do Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra; as pistas de Monterrei (Ourense) ou o Complexo Deportivo de Acea da Má (A Coruña).
- **Deputacións Provinciais.** A través de Plans de Promoción Provincial ou Comarcal do Atletismo ca FGA propuso a cada unha destas institucións e que redundará nunha mellor tecnificación atlética galega.
- **Concellos galegos.** En especial das urbes máis pobladadas xa que algúns deles son propietarios de instalacións atléticas, necesarias para o desenvolvemento das actividades dos núcleos. Pero tamén son responsables da xestión da meirande parte



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



dos pavillóns dos municipios, escenarios nos que se desenvolverá o programa Xogando ao Atletismo.

- **Universidades.** Porque as universidades galegas (A Coruña, Santiago e Vigo) posúen nos seus respectivos campos pistas de atletismo.

2.4. A descentralización do PGTA

Outra seña de identidade do PGTA é a súa pretensión de **extenderse progresivamente por todas as comarcas galegas**. A distribución demográfica da poboación galega indica que a suma do número de habitantes das sete cidades máis poboadas representa só aproximadamente un 35% do total. O resto distribúese por outros concellos máis pequenos da rexión, especialmente nas zonas costeras. Esta atomización da poboación galega converte a Galicia nun dos lugares cunha maior densidade de núcleos de poboación. Existe unha porcentaxe maioritaria de habitantes, que residen en urbes máis pequenas e medio rural e que teñen máis **dificultades** para a práctica do atletismo, en especial nas disciplinas máis **técnicas**, debido á gran dispersión da súa poboación. Ante esta realidade, o **PGTA pretende extenderse por toda a xeografía galega considerando, entre outros, criterios demográficos**.

A inmensa maioría dos atletas que integren o **PGTA** residirán nos seus **domicilios** particulares. Outros, estarán vinculados ao **Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra (CGTD)** en calidade de becados (internos ou externos).

3. A ESTRUCTURA BÁSICA DO PGTA 2015/16

A estrutura básica do **PGTA** fundaméntase na contribución dos **clubes** e dos **adestradores** galegos, nas súas tarefas cotidianas cos **atletas**. Ao fronte do proxecto atópanse as seguintes figuras:

3.1. A Coordinadora Xeral

Haberá unha **Coordinadora Xeral** do Plan Galego de Tecnificación Atlética, función asumida pola Directora Técnica da FGA M^a Dolores González. As funcións do Coordinador Xeral son as de:

- Dirixir o desenvolvemento xeral do PGTA.
- Facer propostas ao Comité Técnico sobre aspectos que melloren o PGTA.
- Coordinar o seguimento dos atletas incluídos no PGTA.

3.2. O Comité Técnico da FGA

Aparte destas figuras, establecerase unha Coordinación dos Sectores, dirixidas polos responsables do Comité Técnico da FGA, que asumirán, dentro do PGTA, as seguintes obrigacións:

1. Establecelos obxetivos específicos do sector baixo a súa responsabilidade.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



2. Confeccionalo calendario de concentracións do seu sector.
3. Proponer ó Comité Técnico as datas e competicións que millor se adapten ás necesidades do seu sector.
4. Coordinar e supervisar o desenvolvemento do traballo de seu sector.
5. Determinar os criterios de selección dos atletas do PGTA.
6. Avaliar e supervisar os avances dos atletas durante as concentracións programadas.
7. Determinar os tests utilizados no proceso de captación de talentos.


3.3. O Coordinador de adestradores do atletismo no CGTD

Haberá unha coordinadora de adestradores no CGTD que a partir da avaliación dos diferentes atletas que compoñen o PGTD xustificará a súa incorporación ó CGTD. Esta coordinadora é D^a. Dolores Pedrares Alonso.

4. AS ESTRUCTURAS FUNCIONAIS DO PGTA 2015/16

As estruturas funcionais que conforman o PGTA son:

- 4.1. O Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra (CGTD).
- 4.2. Os Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)
- 4.3. Os Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atlética (NITA)
- 4.4. Os Núcleos Sectoriais Atléticos (NUSA)
- 4.5. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 2 (NIBA 2)
- 4.6. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 1 (NIBA 1)





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



4.1. O Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra (CGTD)

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra representa un dos pilares básicos de **Plan Galego de Tecnificación Atlética**. Algúns dos atletas que integran o PGTA 2015/16 beneficiáranse das ventaxas que ofrece o Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra facilitando *“a formación integral dos xoves deportistas galegos con potencial para a práctica do deporte de alto nivel, poñendo a súa disposición os medios necesarios para que poidan desenvolver-la súa preparación conforme a criterios científicos, e facilitando o mesmo tempo a súa integración no sistema educativo e no seu entorno social”* (Artigo 1º das bases da convocatoria para o curso 2009/10).



Este centro ten a posibilidade de acoller atletas internos e externos de contrastada categoría, en especial naqueles casos que sufran problemas, tanto de atención técnica como de instalacións nos seus lugares habituais de residencia. As condicións e requisitos de acceso ó **Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra** as marca a **Secretaría Xeral para o Deporte** da Xunta de Galicia, sendo a **FGA** responsable de facer a proposta dos deportistas internos e externos. Neste sentido, o Centro Galego de Tecnificación representa un valioso instrumento para a Federación Galega de Atletismo, de cara á respaldar o atletismo nas primeiras categorías e potenciar a atención aos atletas galegos que amosen a suficiente excelencia deportiva como para permitirlles alcanzar nun futuro cotas de máximo rendemento deportivo.

A persoa responsable designada pola FGA do **Programa de Atletismo** no CGTD de Pontevedra e a Adestradora Nacional de Atletismo **Dolores Pedrares**.

Os atletas becados no CGTD de Pontevedra, internos ou externos, deberán permanecer no club que tiña no momento da petición, non podendo fichar por outra entidade durante o período de disfrute da beca, salvo autorización expresa do seu club de orixe.

4.2. Os Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)

A diversidade e complexidade técnica das disciplinas atléticas precisan da especialización dos adestradores. Por outra banda, o número de alumnos que se pódenn beneficiar das ventaxas de pertencer o Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra son limitadas, polo que se fai necesario:

1. Darlle continuidade os atletas que non poden proseguir no Centro Galego de Tecnificación, ben porque superaron a idade para seguir **internos** ou ben porque non poidan encaixar na modalidade externos para maiores de 18 anos, na



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



- modalidade 2, 3, elite e dende a curso 2013-2014 incorporouse a modalidade de residentes +18.
2. Atender a aqueles atletas que teñan altas posibilidades de obter un alto rendemento deportivo a curto ou medio prazo, pero que non dispoñen dunha atención técnica acorde as necesidades que precisam nos seus lugares de residencia. Ante isto, xorden os **Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)**.

O recoñecemento dos **NARA** será competencia exclusiva da **Xunta Directiva da FGA**, sendo as condicións mínimas esixidas as seguintes:

1. Solicitud de do/a Adestrador que dirixirá o **NARA (ANEXO I)**
2. O/A Director/a do **NARA** posúe a titulación de Adestrador/a Nacional de Atletismo, cunha antigüidade **mínima de 5 anos**.
3. O/A Director/a debeu adestrar, ata o inicio da tempada 2015/16, a un **mínimo de 8 atletas** medallistas en Campionatos de España Individuais, dos que, polo menos, a metade destas medallas deberán ser acadadas no Campionato Absoluto. As especialidades destes atletas deberán corresponder ca propia do carácter do **NARA** (apartado 7).
4. O/A Director/a do **NARA** deberá estar censado na **E.G.A.** durante a tempada 2015/16.
5. Cada **NARA** deberá ter, alomenos, a tres atletas incluídos oficialmente na lista do **PGTA 2015/16**.
6. A ubicación do **NARA** deberá estar preto a unha instalación atlética ou lugares de adestramentos que permitan dispoñer dos medios necesarios para desenvolver unha adecuada preparación deportiva dos atletas.
7. Cada **NARA** estará asociado a unha das seguintes especialidades atléticas: velocidade-valados; medio fondo; fondo; saltos; lanzamentos; marcha atlética e probas combinadas. Nas probas técnicas, non será preciso que desenvolvan todas as disciplinas, sendo posible, por exemplo, o recoñecemento dun **NARA** de pértiga ou martelo.
8. O/A Director do **NARA** deberá informar á **FGA** sobre o desenvolvemento do proceso, nos prazos e formas indicados.

Cada **NARA**, estará integrado por atletas que formen parte do Plan Galego de Tecnificación. Algúns dos mesmos poderán adestrar co Director/a do mesmo ou ben ser **atletas asociados** ou atletas que, tendo un adestrador persoal distinto, acuden regularmente ao **NARA** xunto a outros atletas da súa especialidade e acompañados polo seu adestrador persoal.

4.3. Os Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atlética (NITA)

O recoñecemento dos **NITA** será competencia exclusiva da **Xunta Directiva da FGA**, sendo as condicións mínimas esixidas as seguintes:

1. Complimentar por parte do club/s e remitir á FGA o modelo oficial (**ANEXO II**).
2. O clube deberá contar cun mínimo de **catro técnicos**, sendo un deles Adestrador de Club ou Nacional de Atletismo. A efectos da consideración legal



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



- dun **NITA** os técnicos só poderán pertencer a un núcleo. En caso de que o club non poidera cumprir esta condición poderase asociar a outro/s club/s da mesma zona xeográfica para acadar este requisito.
- Os/as adestradores/as que formen parte do **NITA** deberán estar censados na **E.G.A.** durante a tempada 2015/16.
 - Cada **NITA** deberá ter, alomenos, a 30 atletas, dos que un **mínimo de 4** deles deberán ser atletas incluídos oficialmente na lista do **PGTA** 2014/15.
 - Cada **NITA** deberá estar ubicado no entorno dalgunha instalación atlética (ver cadro seguinte) que permita desenvolver os adestramentos necesarios.
 - Ao contrario que no caso do **NARA**, os **NITA** terán unha actividade máis polifacética, desenvolvendo diferentes especialidades atléticas.
 - O nome do **NITA** corresponderá ca denominación oficial de club, agás cando se xunten varios clubs, que responderá á do concello ou comarca.
 - O/A Presidente/a do club deberá informar á FGA sobre o desenvolvemento do proceso, nos prazos e formas indicados.

Nunha mesma zona ou cidade poderá ser recoñecidos varios **NITA**.

4.4. Os Núcleos Sectoriais Atléticos (NUSA)

Os recoñecementos dos NUSA é competencia exclusiva da Xunta Directiva da FGA. Aqueles adestradores galegos que non estén incluídos dentro dun **NIBA**, **NITA** ou **NARA** pero que desexen traballar na especialización atlética, poderán ser considerados directores dun **Núcleo Sectorial Atlético NUSA**, cando cumplan os seguintes requisitos:

- Cumplimentar e enviar a FGA o modelo oficial (**ANEXO III**).
- Posuír a titulación de Adestrador de Club ou Adestrador Nacional e Atletismo, cun mínimo de antigüedad de 4 anos.
- Encontrarse en calquera das seguintes tres condicións:
 - Haber adestrado a un mínimo de 3 atletas que foran, baixo a súa dirección, medallistas no Campionato de España Individual do mesmo sector no que solicita o **NUSA**.
 - Haber adestrado a un mínimo de 2 atletas que foran, baixo a súa dirección, medallistas no Campionato de España Individual e 4 atletas que acadaran unha plusmarca galega ou a primeira posición do ránking galego ou un título de campión galego/a, do mesmo sector no que solicita o **NUSA**.
 - Haber adestrado a un atleta que fora, baixo a súa dirección, medallista no Campionato de España Individual e 6 atletas que acadaran unha plusmarca galega ou a primeira posición do ránking galego ou un título de campión galego/a, do mesmo sector no que solicita o **NUSA**.
- Estar censado na **EGA** durante a tempada 2015/16.
- Remitir os informes á **FGA** sobre a evolución dos seus atletas, conforme as normas e prazos que se marquen.

Os/as adestradores responsables do **NUSA**, non poderán integrarse oficialmente nun **NIBA**, **NITA** ou **NARA**. As funcións e obrigacións do adestrador son as seguintes:



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



1. Dirixir a preparación deportiva dos seus atletas.
2. Informar periódicamente, según a normativa prevista, sobre o desenvolvemento do proceso de adestramento á **FGA**.
3. Asistir ás concentracións previstas do seu sector.
4. Colaborar cos plans que se establezan na área do Comité Técnico da FGA.
5. Participar nas actividades previstas do PGTA a nivel de intercambios técnicos.
6. Propoñer a exclusión de aqueles atletas que non se axusten ás normas de funcionamento do **PGTA**.
7. Propoñer ao Responsable de Sector da FGA a inclusión daqueles atletas, o marxen do proceso de selección establecido, que considere con proxección de futuro.

Por cuestións presupuestarias, establecerase un número máximo de NUSA subvencionados pola FGA, unha vez coñecido o número de técnicos que conformen os NARA, NITA e NIBA. En caso de superalo, a Xunta Directiva da FGA resolvería a elección, aplicando os seguintes criterios:

- Nivel de titulación deportiva do adestrador e experiencia
- Número de NUSA solicitados e proximidade e coincidencia con outros posibles
- Curriculum deportivo (número e nivel dos atletas adestrados).
- Tipo de especialidade atlética pola que se le inclue no PGTA
- Posibilidades de proxección dos seus atletas

4.5. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 2 (NIBA 2)

Cada unha das sete cidades galegas con máis poboación ten, a lo menos, unha pista de atletismo. Nos entornos destas instalacións existe unha actividade atlética asentada. Sin embargo, hai aproximadamente uns 300 concellos (o 95% del total) que non dispoñen de pistas atléticas, **pero en moitos de eles teñen xurdido núcleos de atletismo impulsados polos clubs e adestradores**. Por exemplo, en Fisterra, Viveiro, Lourenzá, Ribadavia, A Estrada, As Pontes, Porto do Son, Porriño, Nigrán... etc.

Estos núcleos, ubicados xeralmente en eidos máis rurais, adquiren un protagonismo moi relevante na promoción do atletismo. Habitualmente, a menor oferta deportiva nestas zonas, en relación ás cidades, propicia en xeral un maior compromiso do neno cara a práctica atlética. **Entre os obxectivos da FGA e do PGTA inclúese o potenciamento destes NÚCLEOS de atletismo, dentro dos recursos dispoñibles, integrados nun alto porcentaxe por atletas na mocidade.**

A Xunta Directiva da **FGA** recoñecerá oficialmente o carácter de **Núcleo Básico Atlético (NIBA)**, tras a petición dun club, cando se cumpran as seguintes condicións:

1. Cumplimentar por parte do club/s e remitir á FGA o modelo oficial (**ANEXO IV**).
2. O **NIBA 2** deberá contar cun mínimo de **40 atletas** de calquera das categorías inferiores ata a junior.
3. O **NIBA 2** deberá contar cun mínimo de **tres técnicos** (monitores nacionais, de club, adestradores nacionais ou licenciado en Educación Física). A efectos da



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



consideración legal dun **NIBA 2** os técnicos só poderán pertencer a un núcleo. En caso de que o clube non poidera cumprir esta condición poderase asociar a outro/s club/s da mesma zona xeográfica para acadar este requisito.

- Os/as adestradores/as deberán estar censados na **EGA** durante a tempada 2015/16.
- Os **NIBA 2** desenvolverán unha actividades polifacética, insistindo nos fundamentos básicos do atletismo de iniciación.
- O nome do **NIBA 2** corresponderá ca denominación oficial de club, agás cando se xunten varios clubs, que responderá á do concello ou comarca.
- O club ou clubs que formen cada **NIBA 2** elixirán un representante oficial ante a Xunta e un representante técnico. O/A Presidente/a do club deberá informar á **FGA** sobre o desenvolvemento do proceso, nos prazos e formas indicados.

Nunha mesma zona ou cidade poderán ser recoñecidos varios **NIBA 2**.

Co ánimo de mellorar o tecido atlético comarcal, a **FGA** subvencionará a aqueles clubs galegos que pretendan ser recoñecidos como **NIBA 2** e non teñan adestradores, a **dúas** persoas para que poiden realizar o Curso de Monitor Nacional de Atletismo, co compromiso de vencellarse a ese Núcleo.

4.6. Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 1 (NIBA 1)

Os contrastes demográficos entre diferentes comarcas da xeografía galega así como no número de técnicos titulados e instalacións atléticas, fan necesario que o Plan Galego de Tecnificación se adecue a cada unha das particulares realidades dos concellos. Nalgunhas zonas rurais existen núcleos emerxentes atléticos que teñen serias dificultades para alcanzar os requisitos esixidos para o recoñecemento oficial dos **Núcleos de Iniciación Básica Atlética 2 (NIBA 2)** pero, con todo, desenvolven un importante labor na dinamización do atletismo de iniciación, especialmente no ámbito do deporte en **idade escolar**.

Por elo, a Xunta Directiva da **FGA** recoñecerá oficialmente o carácter de **Núcleo de Iniciación Básica Atlética 1 (NIBA 1)**, tras a petición do club interesado, cando se cumplan as seguintes condicións:

- Cumplimentar por parte do club e remitir á **FGA** o modelo oficial (**ANEXO VI**).
- O **NIBA 1** deberá contar cun mínimo de 10 atletas de calquera das categorías inferiores, ata a xuvenil.
- O **NIBA 1** deberá contar cun mínimo **dun adestrador** (monitor nacional, adestrador de club, adestrador nacional ou licenciado en Educación Física). A efectos da consideración legal dun **NIBA 1** o técnico só poderá compartir as actividades nun **NIBA 2**.
- O Concello ao que pertenza o **NIBA 1** deberá ter unha poboación inferior aos 10000 habitantes.
- O/a adestrador/a deberá estar censado na **EGA** durante a tempada 2015/16.
- Os **NIBA 1** desenvolverán unha actividades polifacética, insistindo nos fundamentos básicos do atletismo de iniciación.
- O nome do **NIBA 1** corresponderá ca denominación oficial de club.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com


Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



8. O/A Presidente/a do club responsable do **NIBA 1** deberá informar á **FGA** sobre o desenvolvemento do proceso, nos prazos e formas indicados.

Nunha mesma zona ou cidade poderán ser recoñecidos varios **NIBA 1**.





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



CADRO RESUMO:

Denominación	Condições mínimas	Responsable
Núcleo de Alto Rendemento Atlético: NARA	<ul style="list-style-type: none">• Cumplimentar o ANEXO I.• Ser Adestrador/a Nacional Atletismo• Estar censado/a na EGA.• Haber adestrado a 8 atletas medallistas en Nacionais, (4 desas medallas acadas no Campionato de España Absoluto).• Dirixir na actualidade a 3 atletas do PGTA do mesmo sector.• Dispoñer de instalacións equipadas específicas	Adestrador/a
